

Para quen escribe o poeta

Francisco Fernández del Riego

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (2012 [1992]). “Para quen escribe o poeta”. *Dorna*: 19, 71-72. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1898>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (1992). “Para quen escribe o poeta”.
Dorna: 19, 71-72.

* Edición dispoñíbel desde o 2 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Dentro do campo da literatura de creación parécenos que o poeta lírico é un ente aparte. Vén ser unha figura curiosa, merecente de especial atención. Pódese dicir que o novelista escribe pensando en masas de lectores. Imaxina para o seu libro sucesivas edicións, versións a outras línguas, e mesmo soña con algunha adaptación cinematográfica. Pola súa banda, o comediógrafo atribúe “in mente” aos seus flamantes “tres actos”, representacións consecutivas. Alimenta tamén as quimeiras da traducción, así como da conversión ao filme.

En troque, o módico e case vergoñante creador de poemas, cifra a súa ambición editorial en que os seus versos señan publicados en tirada restrinxida, sen que iso implique unha carga económica para o autor. ¿Por que e para quen escribe, pois, o poeta? Pensamos que o poeta, o verdadeiro, escribe por necesidade moral. Tal simple enunciado indica o respecto -un respecto medoñento- que el e maila a súa obra merecen. Xa que a necesidade é unha lei funesta, fatal, exclúe en principio todo pracer. Dicimos que o goce comeza onde remata a estricta satisfacción. O pracer dáse no abondoso e potestativo, no supérfluo e vertolán. Váíase deducindo así a clase de persoa que resulta ser o poeta.

De seguro que o lírico auténtico compón para aliviar a mente de certos humores intelectuais que foron amoreándose. Ou que xurdiron nela como fruto acedo -pasando pola asolación ou a esperanza- no seu sentir, no seu pensar de paciente apasionado. Por aquilo que dí Novalis: “A vida é unha doenza do espírito, unha acción dorida”. Iso non impide

de que o poeta -doente isolado- poida tirar da lucubración ou do resultado da súa obra, estados pasaxeiros de felicidade interior: Felicidade, benestar, que non pracer. Porque o pracer presupón, sen dúbida, concomitancia de elementos de desorde e desequilibrio, dos que debe estar eximida a felicidade cabal.

Entendemos que a sensación de contento que proporciona o traballo poético ten que ser, xa que logo, de natureza inefable. Pola sinxela razón de que arrinca da máis fonda e inexplorada intimidade mental. Ese sentimento é, quizais, semellante ao que debe experimentar o taumaturgo verbo do miragre que concibe e realiza ditosamente. Non hai nel aglaio, poisque coñece o seu propio poder. Existe sí compracencia pola parte aleatoria do prodixio, no tocante ao seu alcance e perfección. Tamén pola faciana incognoscible de toda obra humana superior. Mais, ¿todo isto non parece notoriamente inque-dante e suspecto?

“Moitas cousas son delicadas demais para seren ditas ou escritas, e aínda para seren perdoadas”. O perigo radica en que algúen se atreva a pensar, escribir, publicar tales cousas. Ninguén negará que é unha ousadía singular, arrichada, prensarse precisamente do indecible. E desformando a realidade aparente deste mundo -satisfactorio para todos- tentar reducir a modos expresivos o ferro candente das ideas máis puras, das máis duras e rebeldes.

Foi xustamente un poeta do noso tempo quen dixo que a edición libre dunha colección de poesías xenuínas é un feito cando

menos escandaloso. Por poucos que señan, sempre serán demasiados os libros que se venden desta clase. ¿Quen non se decata -entre os que coñecen o terreo que pisan- o malo que, á larga, resulta predicar nas encrucilladas da fervente cidade? ¿E facelo con voces propias do último segredo dos esmorrentes máis lúcidos?, ¡Mellor, mellor mil veces clamar no deserto palabras de verdade e de vida!, afirmaba o devandito poeta. E decía a seguido: En último caso, ¿por que non se pensa en pór serias cortapisas á adquisición de tales libros? ¿En situar, por exemplo, librerías especializadas e exclusivas no cume dun monte, asequible tan só aos escaladores? ¿Ou en profundidades mariñas que requiran nos mercadores o equipo e ousadía dos homes-rá?

Teimaba o mesmo poeta en que conviña aillar máis e máis o fenómeno antisocial da poesía lírica chamada boa polos entendidos. Advertía que se lle enculparía de esaxero, de

que o risco de contaxio é infinitesimal; de que esta poesía deféndese soa, como un ourizo apelotoado, gracias ás súas propiedades máis visibles: tristura, escuridade, aburrimiento. Pero o poeta seguía a crer na necesidade de se precaver a ultranza. Non sería, por certo, o primeiro caso de insospeitado crecemento dunha secta sórdida e minoritaria. ¿E quen non se sente capaz de imaxinar os excesos a que pode levar o esnobismo?

Mesmamente, nestes últimos anos andan a se notar leviáns pero alarmantes síntomas de crise nas grandes afeizóns colectivas: O cine e o fútbol. ¡Que o benemérito público non precure un derivativo no lirismo poético! ¿Por ventura hai alguén que saiba o xénero de “virtudes descoñecidas” de que aínda “está chea a poesía”? “¡Establecede, crédeme, un lazareto para líricos puros”, engadía o poeta de referencia. “¡E deixade que os poetas lean aos poetas!”.



Xulio G. Rivas